



PONENCIA POLÍTICA

2 0 2 0

ÍNDICE

	Pág.
Quen somos.....	3
Os nosos compromisos.....	4
Introdución.....	5
Marco ideolóxico.....	6
1. EIXES FUNDAMENTAIS.....	7
1.1 Educación.....	8
1.2 Políticas de mulleres.....	8
1.3 Persoas trans.....	9
1.4 ITS - VIH - Sida.....	9
1.5 Os dereitos humanos.....	10
1.6 As familias LGTBI.....	10
1.7 A visibilización da diversidade.....	11
2. LIÑAS DE TRABALLO.....	12
2.1 Saúde integral.....	13
2.2 Mundo rural.....	13
2.3 Migracións.....	14
2.4 Educación.....	14
2.5 Maiores LGTBI.....	15
2.6 Cultura.....	15
2.7 Xuventude.....	16
2.8 Deporte.....	16
2.9 Laboral.....	17
Conclusións.....	18

QUEN SOMOS

Somos un grupo de persoas diversas, unidas para alcanzar a liberdade afectiva, sexual e a autoderterminación de xénero, nunha sociedade machista e patriarcal na que a discriminación cara o colectivo LGTBI (Lesbianas, Gais, Trans, Bisexuais e Intersexuais) está presente en todos os ámbitos: sanitario, deportivo, sociolaboral, educativo, familiar, etc.

A Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña (ALAS A Coruña) leva a cabo unha participación activa e interseccional para loitar contra os estereotipos e prexuízos que alimentan as actitudes LGTBIfóbicas e os discursos de odio, co fin de conseguir unha sociedade libre de toda discriminación e onde a igualdade real sexa un feito.

Dende a nosa fundación, no ano 2010, prestamos axuda, orientación e asesoramento ante calquera cuestión afectiva, sexual e/ou de identidade de xénero.

ALAS A Coruña é unha entidade membro de pleno dereito na Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Trans e Bisexuais (FELGTB), un espazo de coordinación e intercambio para o movemento asociativo LGTBI a nivel estatal. Un proxecto común con máis de 50 asociacións LGTBI de practicamente todas as comunidades autónomas, formada por estudantes, mozos e maiores, deportistas, persoas trans e cis, persoas con diversidade funcional, lesbianas, gays, bisexuais, persoas non binarias, persoas que conviven co VIH, crentes ou non, persoas migrantes, etc.

OS NÓSOS COMPROMISOS

1. Loitar pola igualdade real das persoas LGTBI e a liberdade afectiva e sexual de todas as persoas; traballando contra a discriminación e marxinación e promovendo a igualdade de todas as persoas neste sentido, tanto no plano privado como no público.
2. Loitar contra a discriminación por razóns de sexo, identidade ou expresión de xénero ou orientación sexual, traballando sempre cunha transversalidade feminista.
3. A promoción da saúde física e mental derivada das relacións afectivas e sexuais, dando especial importancia á prevención de infeccións de transmisión sexual (ITS).
4. Organizar campañas informativas e de sensibilización sobre a realidade das persoas LGTBI, a través da realización de labores educativas, informativas, formativas e culturais que fomenten o coñecemento e a desmitificación da diversidade afectiva e sexual e da identidade de xénero.
5. Realización de actividades de tempo libre e ocio enfocadas tanto ás persoas da asociación como ás alleas, nas que a diversidade afectiva, sexual e a autodeterminación de xénero poidan vivirse con naturalidade, potenciando a amizade, o compañeirismo e a solidariedade entre as persoas participantes, dende o respecto, a aceptación e a igualdade.
6. Traballar en especial por transmitir estes valores ás xeracións máis novas nos campos da educación e da xuventude.
7. Facilitar a asistencia á información tanto ás persoas LGTBI como a súas familias e/ou persoas achegadas, no tocante a súa integración, situación social, problemática xurídica e laboral ou en cantas cuestións xurdisen no relativo a súa orientación sexual e/ou identidade de xénero.
8. Facer un especial esforzo en brindar apoio e achegar información aos colectivos con maior vulnerabilidade e cun menor acceso a esta información, en concreto a persoas maiores, migrantes, con diversidade funcional ou residentes no medio rural.
9. Denunciar nos medios de comunicación ou mediante actos públicos os casos de discriminación por razóns de orientación sexual e/ou de identidade de xénero.
10. Organizar actividades culturais, charlas, ciclos formativos ou cinematográficos, representacións teatrais, concertos, celebracións e todo tipo de actividades que fomenten e potencien o coñecemento plural da vivencia das persoas LGTBI.

INTRODUCCIÓN

Malia que a aceptacións do colectivo LGTBI aumentou notablemente, aínda quedan moitos prexuízos por cambiar e transformar. O ascenso da ideoloxía de extrema dereita no noso país está facendo perigar os nosos dereitos nalgunhas comunidades. É de vital importancia posicionarse e non permitir que coarten as nosas liberdades nin que dificulten a nosa loita por acadar a plena igualdade de dereitos.

Na actualidade estamos a vivir unha situación de inestabilidade política. En catro anos pasamos por catro eleccións xerais e semella que o noso sistema de partidos sufriu unha importante transformación. Temos que estar preparados para defender as nosas posturas sexan cales sexan os partidos interlocutores nos diferentes niveis de gobernanza.

Este escenario conseguíu ao mesmo tempo revitalizar diferentes movementos sociais, non só o LGTBI senón tamén os de outras loitas que se están a ver ameazadas como o feminismo ou o antirracismo. Por isto é importante tecer redes de colaboración con estes movementos.

ALAS A Coruña quere facer fincapé na obriga de seguir loitando para acadar unha situación de completa igualdade legal ao tempo de que esta se vexa reflectida na vida cotiá das persoas, facendo que as igualdades legal e real, vaian da man.



MARCO IDEOLÓXICO

ALAS A Coruña é unha asociación LGTBI aberta a toda a cidadanía, na que todas as persoas son benvidas, sen importar o seu xénero, orientación ou identidade sexual. Do mesmo xeito, ALAS A Coruña é unha entidade na cal o poder de decisión recae no conxunto de todas as persoas asociadas.

As decisións tomaranse de forma consensuada e, de non ser posible, tomaranse por votación democrática. Como entidade LGTBI, ALAS A Coruña é unha asociación que bebe do feminismo e que apoia e apoiará, de maneira sistemática e prioritaria, ao movemento feminista e á igualdade de real entre homes e mulleres. Isto non é óbice para que dende ALAS A Coruña se faga denuncia pública de calquera acción ou declaración levaba a cabo por grupos feministas ou persoas pertencentes aos mesmos cando se vulneren os dereitos e as liberdades das persoas LGTBI.

Aínda que dende ALAS A Coruña se leven a cabo accións políticas e sociais de maneira activa, é unha asociación apartidista e aconfesional. Non se vincula nin se alíña organicamente con ningún partido político, sindicato, confesión relixiosa, ou formacións de índole ideolóxica ou espiritual. Este feito non impide nin condiciona que calquera dos membros de ALAS A Coruña poida pertencer a título persoal a calquera das entidades anteriores. Do mesmo xeito, ALAS A Coruña poderá facer colaboracións puntuais con estas entidades ou persoas pertencentes ás mesmas. Por último, ALAS A Coruña pode facer declaracións de apoio e respaldo de calquera acción ou declaración das institucións e persoas anteriormente citadas.

Conforme á lexislación vixente, as linguas de traballo de ALAS A Coruña son o galego e o castelán, que se empregarán nas súas reunións e nas súas comunicacións. Non obstante, daráselle prioridade ao uso do galego dada a súa situación de vulnerabilidade. Isto non impide que de maneira puntual pódanse levar a cabo accións ou comunicacións noutras linguas co fin de brindar servizos especializados ou acceder a espazos que, doutro xeito, non se acadarían. Do mesmo xeito, tampouco impide que na asociación se admitan membros falantes doutras linguas, dentro dos nosos programas de acollida internacional, facendo sempre un esforzo pola integración lingüística destas persoas.

ALAS A Coruña poderá apoiar e colaborar con diferentes movementos e entidades de índole social, cívica, científica, cultural, artística, ecoloxista, sanitaria, deportiva e doutras naturezas afíns aos nosos obxectivos e planteamentos, sempre que se posicionen en favor dos dereitos humanos e das liberdades e a igualdade das persoas LGTBI.



1

EIXES FUNDAMENTAIS



1.1 EDUCACIÓN

A educación na diversidade afectiva, sexual e de xénero é a ferramenta básica para loitar contra calquera tipo de discriminación cara o colectivo LGTBI.

Esta é a razón pola que ALAS A Coruña pensa que este tipo de educación debe ser introducida en todos os niveis educativos dunha maneira transversal, dende a educación infantil ata calquera tipo de formación postobrigatoria, sexa esta educación de tipo formal ou non, e, ademais, nas diferentes metodoloxías de traballo.

Con este fin tamén considera precisa a colaboración coas institucións locais, provinciais e autonómicas, na busca dun compromiso para loitar cara a igualdade real e evitar deste xeito calquera tipoloxía de discriminación, principalmente por razón de xénero ou orientación afectiva ou sexual.



1.2 POLÍTICAS DE MULLERES

O sistema patriarcal no que estamos a vivir segue xerando ideoloxías, opinións e actitudes discriminatorias a todos os niveis que guían cara fortes e inxustas desigualdades en función do xénero, do sexo, da orientación sexual e dos roles de xénero. Estas afectan en maior medida a mulleres que pertencen ao colectivo LGTBI. Así é que mulleres lesbianas, bisexuais e trans están a sufrir unha dobre discriminación: en primeiro lugar, pola súa condición de muller e en segundo lugar pola súa orientación sexual e/ou identidade de xénero. A lesbofobia, a bifobia e a transfobia son realidades coas que temos que rematar.

Seguindo á liña feminista na que o persoal é político, empregamos a nosa visibilidade como a mellor arma para producir cambios na nosa sociedade.

ALAS A Coruña vive a loita feminista como propia e, ao seu amparo, construímos o noso compromiso contra o heterosexismo, o cissexismo, o monosexismo e o patriarcado.



1.3 PERSOAS TRANS

Dentro do movemento LGTBI, un dos colectivos que segue a recibir máis discriminación é o das persoas trans. Por unha banda, pódese falar dunha discriminación institucional sistemática, que responde aos casos nos que as persoas trans ven minados os seus dereitos por parte da administración pública; por outra, dunha discriminación social que responde á propia desinformación do individuo dentro da sociedade. Esta situación de exclusión social lévalles a situacións onde a prostitución é, en ocasións, a súa única saída; algo que debemos sentir coma un fracaso da nosa sociedade.

Así, esíxeselle aos gobernos responsables a aprobación de leis en prol da defensa dos dereitos trans. En especial, a modificación dos dous anos de hormonación precisa para acceder ao cambio rexistral, a eliminación dos protocolos médicos burocráticos para acceder á hormonación e a creación de áreas médicas especializadas en cada zona xeografía. Nesta dirección, débense fomentar políticas de emprego que faciliten a inserción laboral do colectivo e, en especial, das mulleres trans. Do mesmo xeito, é fundamental impulsar a presenza de persoas trans con normalidade en todos os ámbitos da sociedade, potenciando a concienciación e a aceptación por parte de toda a cidadanía con medidas formativas e divulgativas.

As políticas públicas deben de se dirixir en dous sentidos: por unha banda, en facer máis doado, dentro das posibilidades, os procesos de transición para quen os requira e, por outra, impulsando unha labor de concienciación para que a sociedade estea informada sen interferencias ideolóxicas.



1.4 ITS - VIH - SIDA

A falta de información no tocante ás campañas publicitarias do Virus da Inmunodeficiencia Humana (VIH) ou outras ITS converte o problema nunha crise sanitaria a niveis intolerables, especialmente no que se refire a novas infeccións entre a poboación máis nova. O estigma provocado pola sociedade fai que a cidadanía non se faga as probas precisas para previr ditas infeccións como o VIH, clamidia, Virus do Papiloma Humano (VPH), sífilis ou gonorrea. Nestes momentos, segundo as estatísticas, hai un gran foco de infección das dúas últimas.

Se ben nos últimos tempos melloraron os tratamentos para a infección por VIH ata o punto en que se chega a indetectabilidade, convén non baixar a garda con estas e outras infeccións de transmisión sexual.

A infección por VIH aínda é causa de estigma e discriminación, en especial nos ámbitos laboral, persoal e sanitario. Malia todo, outras infeccións como a clamidia ou a gonorrea experimentaron repuntes das taxas de infección, sen que a sociedade semelle decatarse da gravidade da situación.

ALAS A Coruña demanda un plan estratéxico nacional e autonómico de concienciación, prevención e información, así como un pacto social para rematar co estigma que ocasiona que as persoas se sintan desprotexidas á hora de solicitar probas e mellore a atención ofertada polo sistema sanitario.

En conclusión: considérase imprescindible ofertar máis información aos distintos servizos sanitarios, máis divulgación e máis campañas ao longo do ano que garantan a visibilidade destas realidades, non soamente vividas nas súas conmemoracións anuais.



1.5 OS DEREITOS HUMANOS

A pesar de que os dereitos LGTBI recoñecéronse polo Consello de Dereitos Humanos das Nacións Unidas, estes seguen sen cumprirse en moitos países. O Colectivo LGTBI non logrará a plena igualdade de dereitos ata que estes non deixen de estar limitados polas fronteiras. O noso compromiso é a loita polo recoñecemento dos dereitos en todo o planeta, o que implicaría unha verdadeira liberdade afectiva e sexual.

Aínda que España garanta unha gran parte dos dereitos na súa lexislación, estes seguen sen implantarse na súa totalidade. Como un dos nosos principais propósitos, insistimos na necesidade da aplicación total das leis e que non queden en papel propagandístico dos partidos políticos. Esta misión toma maior importancia na actualidade polo rexurdimento de movementos políticos que atentan gravemente contra a liberdade e igualdade do noso colectivo.

Con este fin, é básico o seguimento e a condeza dos delitos de odio cuxas denuncias están a aumentar nos últimos anos. Grazas ao Observatorio Coruñés Contra a LGTBIfobia existe unha ferramenta comarcal de denuncia das agresións, discriminacións e mensaxes de odio e, por suposto, un apoio para todas as vítimas. O seguimento e difusión dos informes do observatorio é un gran instrumento para facer visible a realidade da nosa sociedade.



1.6 AS FAMILIAS LGTBI

As familias considéranse a pedra angular da sociedade. A aprobación do matrimonio igualitario sentou a base que deu pé a un novo abano de diversidade familiar que debe coidarse e dignificarse dentro do noso movemento e de cara a toda a sociedade. As familias LGTBI deben ser recoñecidas, lexitimadas e protexidas, en igualdade plena de dereitos e liberdades.

O acceso á maternidade e á paternidade é un dereito fundamental, que debe garantirse de maneira libre e igualitaria para todas as persoas que o desexen, incluídas as LGTBI.

Os nosos fillos e fillas deben recibir un trato igualitario e protección contra a discriminación directa ou indirecta, lexitimando os modelos familiares diversos e facendo accións que protexan aos nosos fillos e fillas nos centros educativos, sanitarios, deportivos e noutros espazos privados e públicos.

Adicionalmente, a inmensa diversidade dos modelos e dos vínculos afectivos e sexuais, como reflexo da diversidade humana e social, debe ser recoñecida, respectada e lexitimada. Deben validarse e apoiarse todos os modelos con e sen descendencia, actuais e futuros, sempre e cando respecten a igualdade e os dereitos humanos, por moito que batan contra as normas establecidas e socialmente aceptadas.



1.7 A VISIBILIZACIÓN DA DIVERSIDADE

No marco da diversidade sexual e de xénero existen identidades que seguen sen contar co recoñecemento e a atención que precisan. Un dos valores fundamentais de ALAS A Coruña é, precisamente, defender e facer visible a diversidade das realidades que forman o noso colectivo e tamén a pluralidade das súas voces e identidades.

Por isto, resulta fundamental levar a cabo unha labor educativa co obxectivo de comprender a especificidade da bifobia, e que aposte pola visibilidade das persoas bisexuais fronte o discriminación do monosexismo. É por este motivo que a realidade das persoas bisexuais teñen que estar reflectidas tanto nos nosos documentos como nas nosas reivindicacións.

Ademais, tamén é totalmente imprescindible recoñecer e traballar nas necesidades específicas das mulleres do noso colectivo, poñendo especial énfase na especificidade das mulleres lesbianas, unha identidade que segue a estar marcada por unha dobre discriminación: machista e lesbófoba. Dende ALAS A Coruña traballárase por desmontar todas as barreiras que dificulten a participación das mulleres lesbianas, trans e bisexuais no movemento LGTBI.

As persoas que non se identifican co sistema binario de xénero, así como os xéneros mixtos, fluídos e neutros, sofren unha grande incompreensión e carencia de referentes. Deben ser postos en valor construíndo un discurso social positivo en torno a eles. Débense defender as manifestacións que rompen cos estereotipos de xénero, como a pluma, a androxinia, o travestismo, etc.



Por último, concederárase unha grande importancia ao empoderamento e á protección da xuventude, reforzándose a visibilidade das persoas maiores, concienciando á sociedade sobre as súas necesidades e dereitos.





2

LIÑAS DE TRABAJO



2.1 SAÚDE INTEGRAL

A saúde é un dereito fundamental, mais a poboación LGBTI segue a padecer exclusión no acceso aos servizos sanitarios, como a negación das probas serolóxicas a homes gais e bisexuais ou ás probas xinecolóxicas a mulleres lesbianas, bisexuais e trans. O colectivo intersexual atópase tamén desprotexido, invisibilizado e patoloxizado, padecendo prácticas cirúrxicas realizadas sen o seu consentimento e frecuentemente ao pouco tempo de ser nados. Reivindicarase a inclusión no Sistema Nacional de Saúde da asistencia precisa para a reasignación e dos tratamentos hormonais.

Tal e como se mencionou nos eixes fundamentais, as ITS constitúen un asunto moi importante, no que se debe vixiar que non se produzan estigmas e discriminacións.

Ademais da atención primaria, o noso Sistema Nacional de Saúde descoida especialmente a saúde mental. Derivada da discriminación que padece a todos os niveis, o colectivo LGTBI ten unha incidencia en problemas de saúde mental moi elevada. Por isto, faise necesario esixir a mellora nestes servizos e traballar na concienciación da sociedade para lograr erradicar os estigmas asociados das enfermidades mentais.

Para a consecución destes obxectivos, faise necesario dotar ao persoal de formación específica en materia de diversidade afectiva, sexual e de xénero, así como reforzar os cadros de persoal.



2.2 MUNDO RURAL

As persoas LGTBI adoitan sufrir dificultades adicionais no rural, como problemas para facerse visibles, unha maior LGBTIfobia ou dificultades para acceder á información e establecer vínculos sociais con outras persoas do colectivo no seu lugar de residencia. Isto provoca en demasiadas ocasións un éxodo das persoas LGTBI á grandes poboacións (sexilio).

Se ben ALAS A Coruña centra a súa actuación na cidade da Coruña, tenta ser un referente a nivel galego. Estamos dispostos a realizar accións no rural e seguiremos apoiando actividades e organizacións nese ámbito.

Tendo en conta realidades como o despoboamento do rural e o avellentamento demográfico, ALAS A Coruña tentará dar visibilidade ás persoas maiores LGTBI e responder ás necesidades das persoas máis novas do ámbito rural.



2.3 MIGRACIONES

A falta de dereitos LGTBI é, por desgraza, unha causa de migración de persoas ao noso país. Estas persoas atópanse en moitas ocasións sen un círculo social no que apoiarse e dependendo da súa orixe, con dificultades idiomáticas. A todo isto temos que sumarlle as dificultades de toda persoa migrante para insertarse no mercado laboral e unha xenofobia que intenta incitar aos mesmos movementos que atentan contra os dereitos LGTBI.

Esforzaremos en axudar á integración dos migrantes LGTBI. Débese ter especial atención nos solicitantes de asilo e refuxio pola súa condición sexual. Esixiráselle ao goberno que non tramite expulsións de persoas que non teñan garantida a súa seguridade e a libre elección da identidade sexual e afectiva nos seus países de orixe.



2.4 EDUCACIÓN

Considerando a educación como a ferramenta principal para a loita contra a discriminación do colectivo LGTBI, ALAS A Coruña centrarase na educación das novas xeracións para lograr o desenvolvemento integral das mesmas. Un desenvolvemento que comeza a idades temperás co coñecemento do propio corpo e o desenvolvemento da afectividade cara outras persoas, coñecemento que se vai completando en idades posteriores. Por iso ten importancia que na infancia se comecen a interiorizar a diversidade dende os inicios. Unha diversidade que ven recollida e recoñecida nos diferentes currículos educativos da nosa comunidade autónoma, onde se recolle tamén o dereito á non discriminación.

Por outra banda, tamén se traballará para lograr un cambio de mentalidade nas xeracións maiores, buscando así unha igualdade real en todos os niveis vitais, loitando contra a reprodución dos diferentes estereotipos para evitar calquera tipo de discriminación por motivo de diversidade afectiva, sexual ou de xénero.



2.5 MAIORES LGTBI

Foi nos anos 70 cando as persoas LGTBI comezaron a manifestarse abertamente, reivindicando os seus dereitos e esixindo o cese da súa persecución.

Malia a enorme débeda que o activismo de hoxe en día ten con esta xeración, son un dos sectores menos representados nas asociacións. É preciso dar voz e fomentar a participación activa das persoas maiores LGTBI no tecido asociativo, de maneira que as súas vivencias e experiencias non sexan esquecidas polas futuras xeracións.

Como colectivo e como sociedade temos a obriga de manter viva a memoria e esixir a reparación legal para quenes padeceron a represión dos réximes totalitarios e autoritarios.

Ademais, as persoas maiores presentan problemáticas das que o activismo non foi consciente até fai pouco, tales como o retorno aos armarios ao entrar nas residencias da terceira idade ou a idea de que as persoas maiores carecen de vida sexual activa, cun total abandono da atención a súa saúde sexual.

Por último, un estudio recente da FELGTB destaca unha diferenza significativa entre o grado de soidade ao que se ve sometida a poboación LGTBI fronte ao resto de maiores.



2.6 CULTURA

ALAS A Coruña promoverá actividades, obradoiros educativos, accións escénicas, espazos culturais e manifestacións artísticas co fin de dar visibilidade ás diferentes realidades afectivas e sexuais.

A misión neste ámbito é a de potenciar proxectos e accións culturais que prioricen as creacións de artistas LGTBI e que se leven a cabo dentro da cidade, colaborando activamente na súa organización e no seu desenvolvemento. Exemplo disto é o Festival de Artes Escénicas pola Diversidade afectivo-sexual, CORUFEST. A colaboración e a cooperación cos diferentes axentes culturais fan que a nosa labor sexa máis visible de cara a cidadanía.

Dende a nosa asociación, cremos que a cultura é unha ferramenta fundamental de apoio ao colectivo LGTBI, queremos chegar a lugares onde se precisa unha incidencia maior da nosa acción, como poden ser os barrios máis desfavorecidos socialmente. O acceso á Cultura vai directamente relacionado cos dereitos en temas de igualdade e diversidade.



2.7 XUVENTUDE

A misión das persoas máis novas de ALAS A Coruña será a incidencia política e social en materia de xuventude LGTBI, reforzando a representación nos distintos foros e órganos de participación xuvenil a nivel local e autonómico. É por isto que se modificaron os Estatutos no 2018 para incluír unha vogalía de carácter obrigatorio adicada aos temas de xuventude, que dirixirá a sección xuvenil da asociación, colaborando cos medios de comunicación e nos eidos académicos, realizando actividades e campañas de sensibilización nas rúas, xornadas informativas e a través das redes sociais.

O obxectivo será acadar un diagnóstico da situación actual: como é a precariedade laboral discriminatoria á que se enfrontan as persoas máis novas LGTBI, que lles impide desenvolver unha vida plena e satisfactoria, así como o resto das necesidades específicas como mocidade LGTBI. Propiciaranse espazos de formación ás xeracións vindeiras de activistas e desenvolveranse máis contidos propios como a guía didáctica para colexios e institutos realizada no 2017.

ALAS A Coruña realizará un especial esforzo en formarse sobre as novas realidades queer que están a xurdir entre as xuventudes diversas, así como en detectar e informarse de manifestacións patolóxicas recorrentes entre a mocidade LGTBI como son os trastornos mentais e alimentarios, promovendo a importancia da saúde mental entre os máis novos e fomentando sempre políticas do coidado.

A través da participación no grupo identitario de “Jóvenes” da FELGTB, que a súa vez é membro do Consejo de la Juventud de España, procurarase que ALAS A Coruña sexa unha escola de activistas e que o relevo xeracional estea garantido.

2.8 DEPORTE

O deporte transmite valores de respecto, cooperación, xustiza, responsabilidade e convivencia. Por iso é vital que a práctica do deporte sexa un espazo seguro e inclusivo para todas as persoas. ALAS A Coruña fomentará un deporte sen armarios nin discriminacións e esixirá que todas as barreiras e tabús que nos seguimos a atopar, sexan eliminados.

No ambiente deportivo, o pudor, a desconfianza ou a falta de referentes fai que sexa difícil a visibilidade LGTBI e a comprensión para as persoas non cisheterosexuais que poden sentirse vulnerables. A homosexualidade, as realidades trans, a intersexualidade ou a bisexualidade vense de maneira prexuzosa, como unha debilidade no entorno deportivo. Consideramos que o modelo de masculinidade requirido no deporte é causa de que a LGTBI fobia estea máis agudizada que noutros ámbitos sociais. Un mundo historicamente pensado para varóns e a forma na que se elaboraron as lóxicas de competencia deixan fóra ás condutas que non son acordes a esta idea da masculinidade.

Débese traballar especialmente coa xuventude deportista, xa que nesta etapa detéctanse abandonos ante o ambiente patriarcal dominante.

É esencial fomentar un deporte libre de armarios, sendo fundamental construír un consenso coas familias, os centros educativos, federacións deportivas, clubs, escolas deportivas e as institucións para que colaboren na construción de contornas respectuosas, inclusivas e seguras en todos os aspectos da práctica deportiva, fomentando a cultura do respecto e da deportividade.



2.9 LABORAL

A contorna laboral é o espazo que máis tempo ocupa nas vidas das persoas, polo que é esencial que nos centros de traballo se poida desenvolver tamén a nosa personalidade de maneira libre.

Como dicía Foucault, “a negación é a peor forma de discriminación”. En moitas empresas adoita producirse un rexeitamento, sutil ou non, sobre a orientación ou identidade de xénero.

Cando os dereitos humanos das persoas, incluíndo a aquelas LGTBI, son respectados, a sociedade benefíciase social e economicamente. Está demostrado que cando as persoas LGTBI prosperan laboralmente, as sociedades e as empresas tamén prosperan. É beneficioso tanto para as empresas como para as persoas LGTBI, que desenvolverán a súa profesión máis satisfactoriamente.

Certo é que estamos a vivir nunha sociedade capitalista neoliberal onde as persoas non importan, o importante son os cartos e o capital. Por iso debemos avanzar cara un modelo económico baseado nos principios e valores dos dereitos humanos onde a actividade económica sirva como medio para alcanzar o ben común. Non será sinxelo chegar ata ese cambio; namentres, debemos avanzar nos dereitos laborais das persoas LGTBI.

Traballarase conxuntamente con sindicatos de clase, coas organizacións empresariais e coa administración para que, a través da sensibilización e a formación, logremos avanzar nos dereitos do colectivo LGTBI no mundo laboral. Para iso, promoveranse plans para a xestión da diversidade nas empresas, onde se integren un conxunto de medidas dirixidas a garantir a eliminación de calquera discriminación e a igualdade plena de dereitos e deberes.



CONCLUSIÓN

Esta ponencia marcará as liñas políticas e a esencia ideolóxica de ALAS A Coruña.

As estratexias e proxectos que se poñan en marcha, tanto dende o voluntariado como dende as persoas técnicas contratadas, respectarán os principios marcados neste documento.

O obxectivo é acadar unha conxuntura social máis xusta e igualitaria, que oferte respostas ás necesidades do colectivo LGTBI.

Esta ponencia foi aprobada pola asemblea xeral da asociación en A Coruña, o 15 de novembro de 2019.

O presidente:



Carlos Emilio Mella Casal

O secretario:



Carlos Manuel Tilve Álvarez